

Aspectos de Morfoloxía. Estrutura e formación de palabras

Índice

- 1.- A palabra e a súa estrutura
 - 1.1.- A palabra
 - 1.2.- A estrutura morfolóxica da palabra
 - 1.2.1.- A estrutura dos verbos
 - 1.3.- Clases de palabras segundo a súa estrutura
- 2.- Procedementos de formación de palabras
 - 2.1.- A derivación
 - 2.1.1.- Valores dalgúns dos principais prefixos
 - 2.1.2.- Valores dalgúns dos principais sufixos
 - 2.1.3.- A derivación regresiva
 - 2.2.- A composición
 - 2.3.- Outros procedementos de formación de palabras
 - 2.3.1.- A parasíntese
 - 2.3.2.- A acronimia
 - 2.3.3.- A onomatopea
 - 2.3.4.- Os préstamos e os estranxeirismos

1.- A palabra e a súa estrutura

1.1.- A palabra

A palabra é a unidade lingüística mínima que pode constituír por si soa un enunciado ('palabra ou conxunto de palabras que presentan significado completo'). Caracterízase semanticamente por ter significado unitario e graficamente por aparecer de xeito autónomo, é dicir, individualizada doutras unidades. Con todo, nos casos de palabras aglutinadas por énclese, isto é, pola unión dun pronome persoal e un verbo (*dixéronme*) ou por contracción, sexa

de artigo e preposición ou de pronomes (*polo, volo*), debemos considerar que no interior de cada unha desas palabras segue habendo dúas formas morfoloxicamente diferentes, que poden pertencer a clases gramaticais diferentes (verbo e pronome, preposición e artigo, pronome persoal de complemento indirecto e de complemento directo, respectivamente, nos exemplos dados).

1.2.- A estrutura morfolóxica da palabra

A palabra está constituída por unidades menores non autónomas denominadas **morfemas**. Son as unidades mínimas dotadas de significado. Poden ser de dous tipos:

- **Lexemas** (ou morfemas léxicos). Son os morfemas básicos, que achegan o significado léxico e referencial (o que remite á realidade extralingüística á que fan referencia) e os únicos que necesariamente deben estar presentes en cada palabra léxica (substantivos, adxectivos e verbos): *mar*, *inhabit-á-bel*, *facil-it-a-r*, *fantástic-o-s*, *deb-e-ría-s...* Son aqueles que se repiten en todas as palabras dunha mesma familia léxica (*cas-a*, *cas-eir-o*, *cas-iñ-a*, *cas-arí-o*, *cas-et-o...*)

- **Morfemas gramaticais**. Son os morfemas que se engaden ao lexema para expresar categorías gramaticais (xénero, número, persoa, modo e tempo), matizar o seu significado (aumentativos, diminutivos e despectivos) ou formar palabras novas. Poden ser de dous tipos:

- **Libres**. Son os que constitúen por si

mesmos palabras sen significado léxico (artigos, preposicións, conxuncións...), por exemplo *por*, *eles*, *porque...* Non van unidos a ningún lexema.

- **Ligados**. Son os que van unidos aos morfemas léxicos, formando con eles palabras (*gat-iñ-o*, *compr-e-des*). Estes, á súa vez, divídense en tres grupos:

a) **Flexivos**. Expresan significados referidos á caracterización gramatical da palabra: xénero e número no caso dos nomes e modo, tempo, número e persoa no caso dos verbos: *amig-a-s*, *útil-es*, *poid-a-mos*, *cant-o...*

b) **Alterativos**. Matizan o significado do lexema, engadindo nocións apreciativas ou de tamaño sen chegaren a crear palabras novas. Son os aumentativos, diminutivos e despectivos: *torp-on-a*, *cest-iñ-a*, *gord-ech-o...*

c) **Derivativos**. Engádense ao lexema para formaren palabras novas. Poden ser prefixos ou sufixos, segundo vaian antepostos ou pospostos ao lexema: *in-cómod-o*, *re-construí-r*, *ultra-fin-o*, *port-eir-o*, *herb-al*, *deseñ-a-dor*.

- En ocasións, poden aparecer morfemas de enlace entre o lexema e os sufixos: son os **infixos** (non presentan ningún significado e serven unicamente de corpo fónico para uniren os morfemas da palabra) e, no caso dos verbos, as **vogais temáticas**, que serven para adscribiren as formas verbais ás conxugacións ás que pertencen.

Exemplos de infixos: (pan)-**ad**-(ería), (durm)-**iñ**-(ón).

Exemplos de vogais temáticas: (fal)-**a**-(bamos), (beb)-**e**-(ría).

- Un mesmo morfema pode presentar varias formas algo diferentes dependendo do contexto no que se encontre. Falamos neste caso de **alomorfos**. Por exemplo, o morfema de diminutivo **-iñ-** (nen-**iñ**-o) maniféstase en substantivos rematados por -n ou ditongo decrecente co alomorfo **-ciñ-** (irman-**ciñ**-o, pau-**ciñ**-o); o morfema de pretérito imperfecto de indicativo **-ba-** (cant-a-**ba**-mos) maniféstase nos verbos da 2ª e 3ª conxugacións co alomorfo **-a-** (fac-i-**a**-mos, ped-i-**a**-mos).

PALABRA						
Morfemas léxicos	Morfemas gramaticais					
	Libres	Ligados				
		Flexivos		Alterativos	Derivativos	
		Xénero e número	Modo-tempo Núm-persoa	Aumentat., diminut. e despectivos	Prefixos	Sufixos
amigu-(iños) pod-(erías) (em)- <u>barc</u> - (adoiro)	<u>por</u>	(obreir)- <u>o</u> (gat)- <u>a-s</u> (útil)- <u>es</u>	(le)- <u>ra-mos</u> (canta)- <u>ba-s</u>	(nen)- <u>iñ</u> -(os) (moz)- <u>ot</u> -(a) (fe)- <u>úch</u> -(o)	<u>des</u> -(coser) <u>in</u> -(útil) <u>hipo</u> -(tensa)	(caza)- <u>dor</u> (port)- <u>eir</u> -(a) (siláb)- <u>ic</u> -(o)

1.2.1.- A estrutura dos verbos

A estrutura básica das formas verbais é RAÍZ + VOGAL TEMÁTICA + SUFIXO MODO-TEMPORAL + SUFIXO NÚMERO-PERSOAL. A complexidade desta clase gramatical fai que a súa segmentación sexa en ocasións especialmente dificultosa, sobre todo na conjugación irregular.

a) A raíz. É o elemento que porta a significación léxica do verbo. Componse do lexema e daqueles morfemas que facultativamente se lle poidan engadir en posición anterior á vogal temática. É o

único constituínte que se encontra presente en todas as formas verbais.

b) A vogal temática: constitúe o signo identificador da conjugación. Mediante ela podemos adscribir unha forma verbal determinada a unha das tres clases mórficas (conjugacións) existentes. A correspondencia **a** - conjugación I, **e** - conjugación II e **i** - conjugación III sofre certas alteracións nalgúns persoas dalgúns tempos verbais, esencialmente cando se encontra en posición átona.

I: a , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: Ø (cant-Ø-Ø-o) - pres. subx.: Ø (cant-Ø-e-mos) - perf. 1ª p.: e (cant- e -Ø-i), 3ª p.: o (cant- o -Ø-u)
II: e , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: Ø (beb-Ø-Ø-o) - pres. subx.: Ø (beb-Ø-a-des) - imperf. ind.: i (beb- i -a-s) - perf. 1ª e 2ª p.: i (beb- i -n, beb- i -Ø-ches) - participio: i (beb- i -do-Ø)

III: i, excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: Ø (part-Ø-Ø-o), 2ª, 3ª e 6ª: e (part-e-Ø-s)
	- pres, subx.: Ø (part-Ø-a-n)
	- imperat. 2ª p.: e (part-e-Ø-Ø)

c) **O sufixo modo-temporal.** Encóntrase entre a vogal temática e o sufixo número-persoal. Indica o modo e tempo das formas

verbais. A partir del, distínguense en galego 13 tempos verbais diferentes:

Presente de indicativo:	Ø (cant-a-Ø-mos)
Imperfecto de indicativo:	ba/a (cant-a-ba-s, part-í-a-s)
Perfecto de indicativo:	Ø (cant-a-Ø-ches)
Pluscuamperfecto de indicativo:	ra (cant-a-ra-des)
Futuro de indicativo:	re/ra (beb-e-re-i, beb-e-rá-s)
Futuro hipotético:	ria (part-i-ria-mos)
Presente de subxuntivo:	e/a (cant-Ø-e-s, beb-Ø-a-s)
Imperfecto de subxuntivo:	se (part-i-se-n)
Futuro de subxuntivo:	r/re (cant-a-r-des, cant-a-re-n)
Imperativo:	Ø (cant-a-Ø-de)
Infinitivo:	r/re (cant-a-r-des, cant-a-re-n)
Xerundio:	ndo (cant-a-ndo-Ø)
Participio:	do (cant-a-do-Ø)

d) **O sufixo número persoal.** Encóntrase detrás do sufixo modo-temporal e cla-

sifica as formas verbais en seis persoas diferentes, tres de singular e tres de plural.

1ª: Ø (cant-a-ba-Ø) excepto:	presente ind.: o (cant-Ø-Ø-o) perfecto: i (cant-e-Ø-i) e n (part-í-Ø-n) futuro: i (cant-a-re-i)
2ª: s (beb-e-ra-s) excepto:	imperativo: Ø (cant-a-Ø-Ø) perfecto: ches (beb-i-Ø-ches) perfecto: u/o (cant-o-Ø-u, fix-Ø-Ø-o)
3ª: Ø (part-i-ra-Ø) excepto:	
4ª: mos (cant-a-ba-mos)	
5ª: des (beb-e-Ø-des) excepto	perfecto: stes (beb-e-Ø-stes) imperativo: de (beb-e-Ø-de) perfecto: ron (coll-e-Ø-ron)
6ª: n (coll-e-rá-n) excepto	

Nos verbos irregulares, a existencia de varias raíces produce grandes dificultades á

hora de identificar os diferentes morfemas verbais. Podemos encontrar até catro raíces

básicas diferentes (e nalgúns verbos alomorfo):
 gunha delas aínda pode presentar máis dun

R₁: Imperfecto de indicativo (*dicía*), futuro de indicativo (*direi*), condicional (*diría*), imperativo (*dicide*), presente de indicativo (*dicimos*).

R₁': Nalgúns verbos, as persoas 2ª, 3ª e 6ª do presente de indicativo poden presentan unha raíz especial (*dis*)

R₂: Presente de subxuntivo (*diga*) e, nalgúns verbos, a 1ª persoa do presente de indicativo (*digo*)

R₃: Pretérito perfecto (*dixen*), pretérito pluscuamperfecto (*dixera*), pretérito imperfecto de subxuntivo (*dixese*), futuro de subxuntivo (*dixer*)

As raíces dos verbos irregulares

	R ₁	R ₁ '	R ₂	R ₃
PARIR	par-		pair- (1ªppi) (*)	
VALER	val-		vall-(1ªppi)	
PRACER	praz-			proug-
CABER	cab-		caib-(1ªppi)	coub-
PODER	pod-(1ªppi)		poid-	puid-
QUERER	quer-(1ªppi)		queir-	quix-
TRAER	tra-		trai-(1ªppi)	troux-
DAR	d- / do(1ªppi)		de-	d-
DICIR	diz- / di-	di-	dig-(1ªppi)	dix-
ESTAR	est- / esto-(1ªppi)		este-	estiv-
FACER	faz- / fa-	fa-	fag-(1ªppi)	fix-
HABER	hab- / he-(1ªppi)	ha-	hax-	houb-
POÑER	poñ-(1ªppi)	po-		pux-
PÓR	poñ-(1ªppi) / po- / puñ-	po-		pux-
SABER	sab- / se-(1ªppi)		saib-	soub-
TER	te- / tiñ-	te- / teñ-	teñ-(1ªppi)	tiv-
IR	i- / vo-(1ªppi)	va-	vai-	fu- / fo-
SER	so-(1ªppi) / s- / er-	e- / so-	sex-	fu- / fo-
VER	ve- / vi-		vex-(1ªppi)	vi-
VIR	vi-(1ªppi) / viñ-	ve- / veñ-	veñ- (1ªppi)	viñ- / vi- / ve-

(*) A 1ª persoa do presente de indicativo pode presentar a R₁ (*quero*, *queres*, *quere*) ou a R₂ (*caibo*, *cabes*, *cabe*)
 No cadro, indícase con (1ªppi), cal desas dúas raíces leva esa persoa en cada verbo.

1.3.- Clases de palabras segundo a súa estrutura.

Segundo o tipo de morfemas que as integren, podemos distinguir catro tipos diferentes de palabras:

a) Simples. Están constituídas por un único lexema ou raíz (e, facultativamente, sufixos alterativos ou flexivos): *sol*, *pequeniño*, *mestra*, *vecas*, *chegou*, *verei*...

b) Derivadas. Están formadas por un único lexema ou raíz e un ou máis morfemas derivativos (e, facultativamente, un ou máis sufixos alterativos ou flexivos): *producción*, *descontento*, *xesteira*, *reconverter*...

c) Parasintéticas. Son un tipo especial de derivadas que se forman engadindo de xeito simultáneo un prefixo e un sufixo derivativo: *enterramento*, *anoitecer*, *enfeitizar*...

Cómpre non confundilas coas palabras derivadas nas que o sufixo derivativo e o prefixo son sucesivos e non simultáneos, como no caso de *desarmamento* (que en realidade é unha palabra derivada por prefixación doutra palabra derivada por sufixación: ARMA → ARMAMENTO → DESARMAMENTO).

Tamén se pode entender a parasíntese como unha combinación simultánea de composición e derivación, como o caso de *botafumeiro*. Este tipo de formación de palabras é moi raro no galego.

d) Compostas. Están formadas por dous ou máis lexemas (e, facultativamente, por outros prefixos e sufixos): *gardacostas*, *parasol*, *tirarrollas*...

EXEMPLOS DE SEGMENTACIÓN E CLASIFICACIÓN DE PALABRAS:

L: lexema P: prefixo SD: sufixo derivativo SA: sufixo alterativo
SF: sufixo flexivo R: raíz VT: vogal temática SMT: sufixo modo-temporal
SNP: sufixo número-persoal

PALABRA	SEGMENTACIÓN	CLASE
Amiguiños	Amigu (L) iñ (SA) o (SF) s (SF)	Simple
Discusión	Discu (L) sión (SD)	Derivada
Inútiles	In (P) útil (L) es (SF)	Derivada
Piñeiral	Piñ (L) eir (SD) al (SD)	Derivada
Apesadas	A (P) pesar (L) a[-]d (SD) a (SF) s (SF)	Parasintética
Renovación	Re (P) nov (L) a[-]ción (SD)	Parasintética
Revisión	Re (P) vi (L) sión (SD)	Derivada
Agridoces	Agri (L) doce (L) s (SF)	Composta
Estabamos	Est (R) a (VT) ba (SMT) mos (SNP)	Simple
Recomprarei	Re (P) compr (R) a (VT) re (SMT) i (SNP)	Derivada
Soubeches	Soub (R) e (VT) ches (SNP)	Simple
Estean	Este (R) a (SMT) n (SNP)	Simple



2.- Procedementos de formación de palabras

2.1.- A derivación

Créanse palabras por derivación ao engadirse algún morfema derivativo a un lexema: *casa* > *caseiro*, *almorzo* > *almorzar*, *válido* > *inválido*, *libro* > *librería*, *facer* > *refacer*... Segundo se forme a palabra coa achega dun prefixo ou dun sufixo derivativo, falaremos de derivación **prefixal** ou **sufixal**, respectivamente. A diferenza da derivación prefixal, a sufixal produce con frecuencia un cambio da clase gramatical da palabra (*la-*

var – verbo > *lava-dora* – substantivo, *triste* – adxectivo > *tristura* – substantivo). A palabra a partir da cal se deriva outra denomínase **palabra base** ou **palabra primitiva**.

Os morfemas derivativos poden posuír valores semánticos estábeis ("colectivo", "xentilicio", "negativo") ou carecer de significación e presentar como única funcionalidade a propia creación de palabras novas e a transcategorización.



2.1.1.- Valores dalgúns dos principais prefixos

Negativos, privativos, de oposición	in (<i>inválido</i>), anti (<i>antinuclear</i>), des (<i>desabrigar</i>), a (<i>amoral</i>), contra (<i>contraorde</i>)
Numéricos	mono (<i>monoteísta</i>), bi (<i>bimembre</i>), tri (<i>triciclo</i>), tetra (<i>tetrasilábico</i>), penta (<i>pentagrama</i>) pluri (<i>pluriemprego</i>), multi (<i>multidisciplinar</i>)
Tamaño, superlativos, partitivos	mini (<i>minisaia</i>), micro (<i>microorganismo</i>), macro (<i>macrocomputadora</i>), extra (<i>extraordinario</i>), super (<i>supersónico</i>), sobre (<i>sobrealimentación</i>), ultra (<i>ultraconxelado</i>), semi (<i>semicírculo</i>)
Locativos	ante (<i>antesala</i>), pos (<i>posdata</i>), sobre (<i>sobrepoñer</i>), trans (<i>transalpino</i>), inter (<i>intercostal</i>) sub (<i>subterráneo</i>), so (<i>sobrazo</i>) co (<i>cohabitar</i>)
Movemento	pro (<i>proseguir</i>), retro (<i>retrotraer</i>), ex (<i>extraer</i>), intro (<i>introvertido</i>), extra (<i>extravertido</i>)
Temporais	ante (<i>antediluviano</i>), pos (<i>posguerra</i>), pre (<i>predicir</i>)
Repetición	re (<i>reiniciar</i>)

2.1.2.- Valores dalgúns dos principais sufixos

Acción	ción (<i>abolición</i>), sión (<i>agresión</i>), mento (<i>acompañamento</i>), dura (<i>botadura</i>)
Axente, profesionais	tor (<i>actor</i>) dor (<i>comunicador</i>), eir (<i>porteiro</i>), ista (<i>dentista</i>), ante (<i>comerciante</i>)
Xentilicios	és (<i>vigués</i>), an/ao/ano (<i>ourensán, limiao, americano</i>), ense (<i>estricense</i>), ino (<i>chantadino</i>), ego (<i>manchego</i>), eiro (<i>rianxeiro</i>), í (<i>magrebí</i>)
Locativos	deiro (<i>apeadeiro</i>), doiro (<i>miradoiro</i>), dor (<i>comedor</i>) eira (<i>leñeira</i>), eríal (<i>panaderíal/panadaría</i>)
Temporais	ada (<i>noitada</i>), ía (<i>invernía</i>)
Árbore, planta	eira (<i>pereira, arandeira</i>)
Útiles	eiro (<i>sombreiro</i>)
Colectivos	edo (<i>acevedo</i>), ido (<i>biduído</i>), eira (<i>toxeira</i>), al (<i>piñeiral</i>), ado (<i>alumnado</i>)
Caracterizadores	udo (<i>barbudo</i>), án (<i>mentirán</i>), eiro (<i>trampulleiro</i>), oso (<i>medoso</i>), ista (<i>bromista</i>)
Aumentativos	aza (<i>barcaza</i>), ón (<i>durmiñón</i>)
Diminutivos	iño/ciño (<i>neniño, canciño</i>), elo (<i>cadelo</i>), echo (<i>pequenecho</i>)
Despectivos	acho (<i>riacho</i>), uza (<i>xentuza</i>), alla (<i>xentalla</i>), acho (<i>populacho</i>), ucho (<i>feú-cho</i>), astro (<i>politicastro</i>)

Moitos dos sufixos derivativos carecen de contido significativo. A súa funcionalidade é unicamente transcategorizadora: crean palabras dunha determinada clase grama-

tical a partir doutra diferente. Aquí podes observar algúns tipos de transcategorización:

- Formación de substantivos: **ura** (*fermoso > fermosura*), **ía** (*valente > valentía*), **eza** (*belo > beleza*), **ancia** (*abundar > abundancia*), **axe** (*pilotar > pilotaxe*), **idade** (*novo > novidade*)
- Formación de adxectivos: **bel/ble** (*converter > convertíbel / convertible*), **oso** (*gas > gasoso*), **izo** (*outono > outonizo*), **al** (*nación > nacional*), **eiro** (*raposo > raposeiro*)
- Formación de verbos: **ar** (*canto > cantar*), **exar** (*rastro > rastrexar*), **ificar** (*gas > gasificar*)
- Formación de adverbios: **mente** (*doadamente*)

2.1.3.- A derivación regresiva

É un procedemento especial de derivación no que a palabra derivada, en lugar de engadir un morfema derivativo á palabra base, sofre un acurtamento do seu corpo fonético: *pechar* > *peche*, *amarrar* > *amarre*, *obrigar* > *obriga*... É moi pouco fre-


cuenta en galego, xa que a tendencia habitual é derivar sempre mediante morfemas derivativos (*subministrar* > *subministración* e non **subministro*, *apuntar* > *apuntamento* e non **apunte*, *desarmar* > *desarmamento* e non **desarme*...).

2.2.- A composición

Consiste na creación dunha palabra mediante a unión de dous ou máis lexemas: *rañaceos*, *paraugas*, *xordomudo*, *ollomol*... Ademais desta composición **propia**, na que os constituíntes léxicos forman unha única palabra, existe tamén unha composición **impropia ou sintagmática**, na que permanecen separados, aínda que constituíndo unha unidade lóxica. Os compostos sintagmáticos poden formarse por tres procedementos:

a) **Disxunción.** Está constituída por dúas palabras sen elemento de relación: *porco bravo*, *chave inglesa*, *garda civil*, *peixe sapo*... Pódese observar como nestes casos, as palabras disxuntas, a pesar de seren palabras distintas, representan un único concepto, diferente da suma dos significados de ambas (como pasaría en *porco grande*, *animal bravo*, *chave estragada*, *profesora inglesa*, *sociedade civil*, *peixe fresco* ...)

b) **Sinapsia.** Está constituída por dúas palabras cun elemento gramatical de relación: *estrela de mar*, *arco da vella*, *pano da*



mesa... Como no caso anterior, as frases que constitúen sinapsia representan un único concepto, diferente da suma dos significados individuais das palabras que as integran (como pasaría en *estrela da constelación*, *arco de medio punto*, ou *pano de cores*).

c) **Contraposición.** Está constituída por dúas palabras unidas por un guión: *árabe-israelí*, *político-social*, *navarro-aragonés*... Neste caso trátase dunha significación conxunta só nun contexto determinado.

As palabras compostas poden estar integradas por lexemas da mesma clase gramatical ou ben formar unha grande variedade de combinacións gramaticais:

- ▶ Substantivo + substantivo: *beiramar*
- ▶ Adxectivo + adxectivo: *agridoce*
- ▶ Verbo + verbo: *bulebule*
- ▶ Adverbio + adxectivo: *malcriado*

- ▶ Substantivo + adxectivo: *ollomol*
- ▶ Adxectivo + substantivo: *boaventura*
- ▶ Verbo + substantivo: *sacarrollas*
- ▶ Adverbio + verbo: *maldicir*...

2.3.- Outros procedementos de formación de palabras

2.3.1.- A parasíntese


É un tipo especial de derivación no que se incorporan ao mesmo tempo un prefixo e un sufixo derivativo: *encadear*, *enriquecer*, *embarcadoiro*... Pode encontrarse esa mesma estrutura morfolóxica (prefixo + lexema + sufixo derivativo) en palabras que non sexan parasintéticas. É o caso de *transoceánico* ou *incontábel*, que son palabras derivadas doutras á súa vez xa derivadas; nestes casos, o prefixo e o sufixo derivativo non se

engaden de xeito simultáneo, senón sucesivo (*océano* > *oceánico* > *transoceánico*; *contar* > *contábel* > *incontábel*). Para comprobar que estamos ante unha palabra parasintética, basta suprimir o prefixo e comprobar que a palabra resultante non existe (*encadear*, *enriquecer*, *embarcadoiro* son parasintéticas: non existen **cadear*, **rique-cer*, **barcadoiro*).

2.3.2.- A acronimia

É un tipo de formación de palabras consistente en tomar unha ou varias letras de varias palabras, creando unha única forma autónoma. Un proceso frecuente na acronimia é escoller os extremos opostos de dúas palabras: *información automática* > *informática*, *motorista hotel* > *motel*, *automóbil ómnibus* > *autobús*, *poliéster galo* > *tergal*, *modulator demodulator* > *módem*, *telecomunicación informática* > *telemática*... Tamén se pode considerar acronimia a formación de palabras plenas a partir de siglas:

ovni ('obxecto voador non identificado'), *diu* ('dispositivo intrauterino'), *sida* ('síndrome de inmunodeficiencia adquirida')...



sons da realidade: *tictac*, *cuco*, *piar*, *míañar*...

2.3.3.- A onomatopea

É un proceso que permite a creación de palabras mediante a imitación fónica de

2.3.4.- Os préstamos e os estranxeirismos

Son termos tomados doutros idiomas. Cando xa levan un certo tempo na lingua, o habitual é que se vaian adaptando ás normas fónicas e ortográficas, sendo ás veces difícil recoñecer a súa orixe foránea; son os denominados préstamos: *xefe* (do

francés *chef*), *violín* (do italiano *violino*), *túnel* (do inglés *tunnel*)... Os estranxeirismos son termos de introdución máis recente, que non foron aínda adaptados; actualmente proceden na súa gran maioría do inglés: *chat*, *software*, *bluetooth*, *windsurf*...

PROCEDEMENTOS DE FORMACIÓN DE PALABRAS							
Derivación		Composición		Outros			
Propia	Regresiva	Propia	Sintagmática	Parasíntese	Acronimia	Onomatopea	Préstamos e estranx.
<u>Prefixal</u> <i>inútil</i> <u>Sufixal</u> <i>beleza</i>	<i>obriga</i>	<i>ollomol</i>	<u>Disxunción</u> <i>garda civil</i> <u>Sinapsia</u> <i>arco da vella</i> <u>Contrapos.</u> <i>navarro-aragonés</i>	<i>encadear</i>	<i>informática</i>	<i>tictac</i>	<i>xefe</i> <i>software</i>

A PREFIXACIÓN. A prefixación, en xeral, non produce transcategorización, é dicir, as formas derivadas por esta vía adoitan pertencer á mesma clase de palabra cá da súa base.

Principais prefixos:

- A/AD:** negación; achegamento; paso dun estado a outro. Ex: apolítico, adscribir.
- ANA:** separación; conformidade. Ex: analoxía, anarquía.
- ANTE:** posición anterior. Ex: antecámara, antebrazo.
- ANTI:** contrario. Ex: antiaéreo, anticonxelante.
- ARQUI:** posición superior. Ex: arquitrabe.
- CIRCUM:** ao redor. Ex: circunvalación, circumpolar.
- CO/COM:** conxuntamente. Ex: coordinar, compadecer.
- CONTRA:** contrario. Ex: contradicir.
- DE:** movemento descendente; tendencia a menos. Ex: desprezar, deformar.
- DES:** cambio, acción contraria; negación. Ex: desfacer, desagradar.
- DIA:** movemento a través de. Ex: diacrónico.
- ENDO:** posición interior. Ex: endoscopia.
- ENTRE/INTER:** posición intermedia. Ex: entrever, internacional.
- EPI:** por riba de. Ex: epiderme, epígrafe.
- EXTRA:** fóra de. Ex: extraxudicial.
- HIPO:** posición interior. Ex: hipocentro.
- IN:** negación. Ex: imperfecto, ilóxico, irracional.
- INTRA/INTRO:** interiormente. Ex: intrauterino, intramuros ; introvertido, intromisión.
- META:** por riba de, cambio. Ex: metátese, metafonía.
- OB/O:** oposición, colocación por diante. Ex: obnubilar, oposición.
- PARA:** igualdade. Ex: paráfrase, parámetro.
- PER:** a través de. Ex: perseguir, perforar.
- PERI:** arredor de. Ex: perímetro, periscopio.
- POS:** despois de. Ex: posdata, posverbal.
- PRE:** antes de. Ex: preparar, prematrimonial.
- PRO:** movemento cara a adiante; substitución. Ex: prolongar, pronome.
- RE:** repetición. Ex: recuar, retraer.
- RETRO:** cara a atrás. Ex: retrotraer, retrovirus.
- SIN:** simultaneidade. Ex: sintonía, sincronía.
- SO/SUB:** por baixo de. Ex: soportal, submarino.
- SOBRE/SUPER/SUPRA:** posición superior; por riba de. Ex: sobrealimentar, superproducción, supranacional.
- TRAS/TRANS:** a través de. Ex: trasladar, transbordar.
- ULTRA:** máis alá de. Ex: ultravioleta, ultratumba.
- VICE/VIZ:** substitución. Ex: vicedirector, vizconde.
- XUSTA:** posición ao lado. Ex: xustaposto, xustalinear.